CAPITULO VI	0,00			0,00
CAPITULO VII	0,00			0,00
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	6.000,00	0,00	0,00	6.000,00
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	14.892.364,97	299.937,05	299.937,05	14.892.364,97

Terceiro.-Análise dos ingresos e gastos previstos:

-Estado de Ingresos.- A esixencia fundamental do RD Lex 2/2004, de 5 de marzo, imposta no artigo 170, é a de determinar a suficiencia dos ingresos para o financiamento dos gastos orzamentados.

As estimacións de previsión de ingreso que para un dos conceptos figuran no Estado de Ingresos, responden a información dos dereitos recoñecidos netos da execución do orzamento do exercicio 2020, a información da execución do 2021 ata o mes de outubro para cada un dos conceptos de ingreso que integran este estado, e a previsión de altas novas ou de liquidacións que obran no departamento municipal de Rendas a realizar no exercicio 2022. Tendo en conta que a previsión dos ingresos ten carácter estimativo, non limitativo como no caso dos gastos, haberá de levarse estricto seguemento do cumprimento das previsións sinaladas no orzamento para, de ser necesario, practicar as correccións oportunas na execución.

Capítulo 1 do Estado de Ingresos:

-As previsións de dereitos recoñecidos netos en concepto de Impostos efectúanse tomando como base os padróns do exercicio 2021, a evolución nos últimos exercicios e fíxose unha estimación de posibles anulacións e liquidacións por altas.

Capítulo 2 do Estado de Ingresos: Ascende a 140.000,00€ correspondente as estimacións de ingresos en concepto do Imposto sobre Construcións e Instalacións. aumenta a previsión en base ó acontecido no exercicio 2021, no que se aumentou a actividade con respecto a anteriores exercicios.

Capítulo 3 do Estado de Ingresos: Este capítulo destínase fundamentalmente ás taxas e prezos públicos referidos á prestación de servizos ou actividades polo Concello ou pola utilización do dominio público local. As previsións resultan adecuadas de acordo co avance da liquidación para 2021.

Neste capítulo debe terse en conta que, para a exacción de cada unha das taxas e prezos públicos que o integran, deberán aplicarse as ordenanzas fiscais conforme a súa aprobación definitiva, tanto no que se refire a forma de xestión, como o debeño como as cotas a cobrar.

Capítulo 4 estado de ingresos: está formado polas previsións de Subvencións correntes das distintas administracións. A previsión da Participación nos Tributos do Estado para o exercicio 2022 realízase en base ós datos facilitados polo Ministerio.

En canto a participación no Fondo de Cooperación da Xunta de Galicia, os dereitos recoñecidos netos fixéronse para 2022 en 769.451,80 €.

En canto ó resto do capítulo IV unicamente se recolle nas previsións iniciais as subvencións da Xunta de Galicia correspondentes o Plan Concertado e a subvención para o servizo de drogodependencias, en todo caso debe terse en

CSV: 07E500083F1E00V8X1U0R9A0R0



conta que a execución de programas subvencionados debe realizarse en base ao compromiso firme de achega, e por parte da Deputación o convenio previsto nominativamente no orzamento provincial por 15.000,00, en concepto de aportación á financiación dos gastos do conservatorio e a aportación ó servizo de atención no fogar.

O Capítulo 5 do Estado de Ingresos: están formados pola ocupación de inmobles, concesións administrativas nos cemiterios municipais, así como o canon de explotación anual que se prevé liquidar a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento que se estima en 28.217,81 €.

A intervención considera prudente a previsión deste capítulo.

O Capítulo 8 : recolle os ingresos previsto de reintegro de anticipos de persoal, coincidente coa cifra prevista no capítulo 8 de gastos para a concesión dos mesmos, susceptible de ser ampliada ó longo do exercicio.

- Estado de Gastos.-

O Capítulo 1 do Estado de Gastos : O capítulo I gastos de persoal recolle as consignacións orzamentarias necesarias para facer fronte as retribucións, custos de seguridade social e fondo social do conxunto de todo o persoal funcionario e laboral ó servizo do concello. Sobre o importe das retribucións a 31/12/2021 prevese un incremento do 2% para o 2021, pendente da aprobación da Lei de Orzamentos para 2022. O resto das modificacións que se prevén neste capítulo son derivadas das adaptacións singulares de determinados postos de traballo. O importe deste capítulo ascende a 4.643.549,83 € para o Concello e a 275.287,05 € para o Organismo Autónomo de Drogodependencias.

Respecto a masa salarial do persoal laboral, en base o disposto no apartado cuarto do mesmo precepto legal, se incrementa na mesma porcentaxe que a autorizada para funcionarios, isto é, no 2%. Esta masa salarial está integrada polo conxunto das retribucións salariais e extra salariais e os gastos de acción social que se prevé sexan debeñados por dito persoal en 2022, en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación. Exceptuándose, en todo caso: as prestacións e indemnizacións da Seguridade Social, as cotizacións ao sistema da Seguridade Social a cargo do empregador, as indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despidos e as indemnizacións ou suplidos por gastos que tivera realizado o traballador.

En canto a contratación de persoal temporal durante o exercicio 2022, consignase crédito orzamentario para atender a contratacións temporais derivadas de programas temporais propios e co financiados, por importe 66.468,48 €, nos termos que no seu caso estableza a LPXE para 2022 ou norma que a substitúa neste aspecto.

En canto o complemento específico, produtividade e gratificacións as mesmas axústanse ós límites recollidos no artigo 7 do RD 861/1986 pola que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios civís do estado, é dicir: os créditos destinados a complemento específico, complemento de produtividade e gratificacións e no seu caso os complementos persoais transitorios, serán os que resulten de resta a masa retributiva global presupostada para cada exercicio, excluída a de persoal laboral, as sumas das cantidades que ó persoal funcionario lle correspondan por os conceptos de retribucións básicas e axuda familiar e complemento de destino. A cantidade que resulte destinarse como máximo; 75% a Complemento Específico, un 30% a produtividade e 10% a gratificacións. Debemos ter en conta que o cálculo realízase tendo en conta as catorce mensualidades do CE xa que o RD 861/1986 é anterior a normativa de orzamentos xerais do estado que fixou que o CE se percibe en catorce mensualidades iguais.

Respecto ás prazas de persoal temporal, advírtese do seu carácter temporal en situación irregular, dado o tempo transcorrido dende o inicio da súa relación laboral co concello. Esta intervención considera que deben adoptarse as medidas para que todas aquelas prazas cuxos contratos continúan en fraude de lei, ao tratarse de contratos de obra ou servizo que se estenden ao longo dos anos, se cubran formalmente ou ben de non ser postos necesarios se amorticen. Dado que, conforme ao disposto no Estatuto dos Traballadores, expirada a duración máxima dos correspondentes contratos temporais ou realizada a obra ou servizo obxecto do contrato, se non houberse denuncia e continuácese na prestación laboral, o contrato considerárase prorrogado tacitamente por tempo indefinido, salvo proba en contrario que acredite a natureza temporal da prestación; non obstante, a contratación de persoal laboral pola Administración Pública debe respectar o disposto na Constitución Española respecto ao acceso a función pública, pois tal carácter de Administración Pública é, en por si, factor de diferenciación relevante, en atención, precisamente, a outros mandatos

CSV: 07E500083F1E00V8X1U0R9A0R0



FIRMANTE - FECHA

MANUEL VAZQUEZ FERNANDEZ-Interventor - 19/11/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/11/2021 11:29:56



constitucionais e disposicións legais que esixen o respecto aos principios de publicidade, liberdade de concorrência, mérito e capacidade no ingreso como persoal ao servizo da Administración. O carácter indefinido dos contratos laborais non supón que o traballador ao servizo da Administración Pública consolide, sen superar os procedementos de selección, unha condición de fixeza que non é compatible coas formas acceso ao emprego público e sobre selección de persoal fixo nas Administracións Públicas. En virtude destas normas, non se pode atribuír a pretendida fixeza a persoal que de forma irregular teña adquirido a condición de indefinido, senón que, pola contra, a Administración implicada está obrigada a adoptar as medidas necesarias para a provisión regular dos postos afectados, e producida esa provisión na forma legalmente procedente, existirá unha causa lícita para extinguir o contrato. En consecuencia, conforme aos criterios sentados pola xurisprudencia consolidada en materia de contratos temporais, a contratación administrativa irregular sáldase coa conversión daqueles contratos en contratos indefinidos, o que non equivale á adquisición polo traballador de fixeza en persoal, con adscrición definitiva do posto de traballo, condición esta que soamente se alcanza cando a cobertura realízase seguindo o procedemento regulamentario (Sentenzas do Tribunal Supremo de 21 de xaneiro e 22 de setembro de 1998, 19 e 26 de xaneiro de 1999, 8 de febreiro e 29 de novembro de 2000, entre outras). Polo que será a administración a que deberá a través da correspondente Relación de postos de traballo valorar a necesidade dos citados postos de traballo e conseguintes prazas na plantilla e de selo caso pasar á súa cobertura regulamentaria ou no caso contrario deberá proceder a súa amortización.

En canto os anticipos de persoal regulados nas Bases de Execución do Orzamento, dótase no capítulo VIII en contía coincidente coa previsión de reintegro de anticipos no Estado de Ingreso. O importe máximo debe ser negociado cos sindicatos.

O Capítulo 2 do Estado de Gastos :

A Intervención considera que os créditos inicialmente previstos nas aplicacións orzamentarias que integran este capítulo resultan suficientes para atender ao cumprimento de cuantos contratos de subministración e servizos ten subscrita a Corporación, inclusive as súas revisións de prezos, e son acordes, en termos xerais, coas obrigacións recoñecidas netas nos exercicios anteriores.

O Capítulo 3: gastos financeiros que ascenden a 9.000,00 €.

O Capítulo 4: Recolle a dotación orzamentaria necesaria para a imputación do gasto derivado das subvencións en réxime de concorrência competitiva e das subvencións nominativas que se recollen no Anexo de Subvencións que integra o expediente respectando o disposto na Lei 38/2003 Xeneral de Subvencións. En todo caso será necesario que os beneficiarios presenten a conta xustificativa do proxecto que se subvenciona e que cumpran tódolos requisitos esixidos tanto na Lei Xeral de Subvencións, como nas Bases de Execución do Orzamento, nas Bases e convocatorias ou nos Convenios que se asinen, non xerando ningún dereito o feito de que exista dotación orzamentaria si non se cumpren os requisitos e os proxectos subvencionados. Asimesmo recóllense os créditos necesarios para aportacións a outras entidades das que o Concello é partícipe e/ou colabora.

Capítulos 6 y 7 do Estado de Gastos: No Capítulo VI e VII inclúense aquelas actuacións destinadas a creación e reposición de infraestruturas, adquisición de bens de natureza inventariable, así como as transferencias comprometidas, e a aportación a ACUAES (antes ACUANORTE) para a nova ETAP.

	CAPÍTULO 6	CAPÍTULO 7
PROXECTO ORZAMENTO 2022	871.100,00	80.680,63
ORZAMENTO 2021	1.505.100,00	153.524,63
IMPORTE VARIACIÓN 2022 – 2021	-634.000,00	-72.844,00

Neste punto reitérase neste exercicio que a achega municipal para o Convenio que se formalizou con Augas de Galicia, coa Confederación Hidrográfica e coa Deputación Provincial para o Plan de Redución de Vertidos e o asinado coa Confederación en 2020, terase en conta que as obras que se inclúan en dito convenio non poderán ser de tal índole que formen parte do obxecto do contrato asinado coa actual adxudicataria da contrato de xestión da auga potable e depuración, Aqualia, debendo facerse seguemento especial dos investimentos a executar polo contratista para garantir o exacto cumprimento da súa oferta.

3. CONCLUSIÓN:

CSV: 07E500083F1E00V8X1U0R9A0R0



O Orzamento Xeral Consolidado do Concello de Monforte de Lemos se presenta con equilibrio inicial entre gastos e ingresos e está formado con toda documentación e anexos esixidos nos artigos 164, 165, 166 e 168 do TRLHL.

Orzamento Concello:

- a) O Orzamento do Concello de Monforte de Lemos se presenta con equilibrio inicial entre gastos e ingresos. Na súa execución material deberase extremar o seguimento da realización efectiva dos ingresos que o integran.
- b) Recolle os créditos necesarios para retribucións básicas e complementarias e para os gastos de seguridade social a cargo do concello, que se corresponden cos que figuran no Anexo de Persoal, recolléndose no mesmo os distintos acordos relativos a Persoal. Así mesmo na aplicación orzamentaria 221.161.00 consígnanse o importe correspondente ó fondo Social para 2022.
- c) No capítulo II consígnanse créditos suficientes para o cumprimento dos contratos e compromisos legalmente adquiridos.
- d) Nos capítulos III, consígnase o crédito necesario para facer fronte a xuros de mora que proceda abonar.
- e) Nos capítulos VI e VII, consígnanse os créditos necesarios para poder acometer as inversións e as transferencias de capital conforme ao Plan de Investimentos que se acompaña ao expediente.

Orzamento do Organismo autónomo “Instituto Municipal de Drogodependencias”, o mesmo atopase nivelado tanto no seu estado de gastos coma de Ingresos, en 299.937,05. En calquera caso conclúese:

- a) Orzamento se presenta con equilibrio inicial entre gastos e ingresos.
- b) Na súa execución material deberase extremar o seguimento da realización efectiva dos ingresos que o integran.
- c) Consignados créditos necesarios para retribucións básicas e complementarias e costes sociais que corresponden cos figurados no Anexo de Persoal. Consígnanse os créditos necesarios para o cumprimento dos contratos e compromisos legalmente adquiridos.

Orzamento Consolidado do Concello e Organismo autónomo “Instituto Municipal de Drogodependencias”,

Sobre este Estado é sobre o que hai que analizar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, establecido por Acordo de Consello de Ministros, en cumprimento dos arts. 8 e 12 da lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, para o período 2020-2023.

O Orzamento consolidado cumpre coa estabilidade orzamentaria, co límite da débeda e coa regra de gasto, tal e como se indicou anteriormente

Bases de Execución.-

O Orzamento do exercicio 2022 acompáñase das Bases de Execución son comúns tanto para o Concello como para o seu organismo autónomo. Conteñen, a xuízo de quen subscribe, as disposicións mínimas necesarias para unha adecuada xestión orzamentaria: as Bases conteñen as prescricións precisas para un correcto tratamento contable e financeiro da execución orzamentaria.

Procedemento de Aprobación:

- Emitido Informe pola Intervención elevarase ó Pleno da Corporación para a súa aprobación previo dictame da comisión de Facenda.
- En relación á competencia o Pleno será o órgano competente para aprobar o Orzamento Xeral, sendo o quórum necesario para a válida adopción do Acordo de aprobación, o de maioría simple, a tenor do disposto nos artigos 22.2 e) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 64.1.f) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Aprobado inicialmente o orzamento Xeral para o exercicio económico de 2020, exporase ó público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, polo prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.
- O orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas. O artigo 170 prescribe as causas polas que calquera interesado pode formular alegacións e que son as seguintes:
 - a. *Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta Ley.*
 - b. *Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.*

CSV: 07E500083F1E00V8X1U0R9A0R0



c. *Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto.*

- O Orzamento Xeral deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia resumido por capítulos, entrando en vigor unha vez fose publicado na forma prevista anteriormente, con efectos do 1 de xaneiro.
- Deberá remitirse unha copia do mesmo á Administración do Estado e á Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, e a dita remisión deberase realizar simultaneamente ó envío ó Boletín Oficial da Provincia da Coruña do anuncio descrito anteriormente. Unha copia do Orzamento deberá atoparse a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.
- Contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establezan as normas de dita Xurisdición ó abeiro do artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Este é o meu informe que someto a calquera outro mellor fundado.

Monforte de Lemos, na data da sinatura dixital

O Interventor, Manuel Vázquez Fernández

CSV: 07E500083F1E00V8X1U0R9A0R0





DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (Lugo)

CERTIFICA

Que o Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de novembro do 2021, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“3º.- ORZAMENTO XERAL DE 2022 DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS: ORZAMENTO DA ENTIDADE LOCAL E DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS, BASES DE EXECUCIÓN, CADRO DE PERSOAL, MASA SALARIAL DO PERSOAL.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía:

“Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2022, que inclúe o Orzamento do Concello e o do Instituto Municipal de Drogodependencias, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensiva de todos os postos de traballo tanto funcionario coma laboral, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido do informe de Intervención que consta no expediente.

Visto o Informe de Intervención que consta no expediente.

Proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Monforte de Lemos e o seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias para o exercicio económico 2022, que cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira, e a documentación anexa e complementaria que se une ó expediente, que ascende a **14.892.364,97 €**, xunto coas súas Bases de execución, consolidado co do Instituto Municipal de Drogodependencias, resumido por capítulos ó seguinte:*

GASTOS				
2022	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	4.643.549,83	275.287,05		4.918.836,88
CAPITULO II	8.232.849,87	24.650,00		8.257.499,87
CAPITULO III	9.000,00			9.000,00
CAPITULO IV	1.049.184,64		299.937,05	749.247,59
CAPITULO V	0,00			0,00





TOTAL	13.934.584,34	299.937,05	299.937,05	13.934.584,34
CAPITULO VI	871.100,00			871.100,00
CAPITULO VII	80.680,63			80.680,63
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	957.780,63	0,00	0,00	957.780,63
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	14.892.364,97	299.937,05	299.937,05	14.892.364,97

INGRESOS				
2022	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	6.029.475,79			6.029.475,79
CAPITULO II	140.000,00			140.000,00
CAPITULO III	2.195.740,32			2.195.740,32
CAPITULO IV	6.471.931,05	299.937,05	299.937,05	6.471.931,05
CAPITULO V	49.217,81			49.217,81
TOTAL	14.886.364,97	299.937,05	299.937,05	14.886.364,97
CAPITULO VI	0,00			0,00
CAPITULO VII	0,00			0,00
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	6.000,00	0,00	0,00	6.000,00
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	14.892.364,97	299.937,05	299.937,05	14.892.364,97

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual, segundo figura no expediente.

TERCEIRO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.122.906,94 €, e do I.M. de Drogodependencias 181.516,81 €.

QUINTO. Aprobar as Bases de execución e o anexo de subvencións que forman parte do expediente do orzamento.

SEXTO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2022, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días hábiles, computando o prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SÉTIMO. Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

OITAVO. Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma, a través das plataformas habilitadas ó efecto.





Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto. “

E para que así conste e coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde,

En Monforte de Lemos. Na data da sinatura dixital



FIRMANTE - FECHA



incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 17 de novembro de 2021.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3412

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA 2022

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, do día 29 de novembro de 2021 o Orzamento Xeral deste Concello e do seu Organismo Autónomo “Instituto Municipal de Drogodependencias”, así coma as súas Bases de Execución, e o cadro do persoal para o exercicio económico 2022, dacordo co previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ó público o expediente e a documentación preceptiva por un prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, ós efectos de reclamacións e alegacións, o orzamento consideraráse definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións.

Monforte de Lemos, 30 de novembro de 2021.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 3444

O VALADOURO

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 23 de novembro de 2021 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de complemento salarial da traballadora D^a María José Vázquez Pedreira, segundo establece o artigo

22.2 i) da LRBRL

O acordo sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente devandito Acordo.

O Valadouro a 25 de novembro de 2021. O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 3417

VILALBA

Anuncio

Aprobación definitiva da modificación 1/2021 das Bases de Execución do orzamento do exercicio 2021. Relación nominal de subvencións

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de modificación das bases de execución do orzamento, relativo á relación de subvencións nominativas para o exercicio 2021, por acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 29 de outubro de 2021 e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ó público; en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise pública a entrada en vigor da seguinte modificación:

Aprobar a relación nominal de subvencións, nos artigos 41-42-43, das Bases de execución do orzamento do exercicio 2019 prorrogado para o 2021, integrada pola seguinte relación de subvencións nominativas:

poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 17.01.2022 ata o 17.03.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 22 de decembro de 2021.-O alcalde, José Tomé Roca.

R. 3699

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA DECEMBRO 2021.

Por Xunta de Goberno Local do día 20.12.2021 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de decembro de 2021.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 17.01.2022 ata o 17.03.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 22 de decembro de 2021.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 3700

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA 2022

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 29 de novembro de 2021, o Orzamento Xeral do Concello de Monforte para o exercicio económico 2022, integrado polo do propio Concello e o do seu Organismo Autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias e transcorrido o período de exposición pública o Pleno en sesión celebrada o 27 de decembro de 2021 resolveu as alegacións presentadas, procedendo á súa probación definitiva, polo que de conformidade co disposto no art. art. 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os art 127 o Texto Refundido aprobado polo RD Lex 781/1986 e concordantes, publícase o resumo por capítulos de cada un dos dos orzamentos que o integran así como a plantilla de persoal.

GASTOS				
2022	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	4.643.549,83	275.287,05		4.918.836,88
CAPITULO II	8.232.849,87	24.650,00		8.257.499,87
CAPITULO III	9.000,00			9.000,00
CAPITULO IV	1.049.184,64		299.937,05	749.247,59
CAPITULO V	0,00			0,00

TOTAL	13.934.584,34	299.937,05	299.937,05	13.934.584,34
CAPITULO VI	871.100,00			871.100,00
CAPITULO VII	80.680,63			80.680,63
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	957.780,63	0,00	0,00	957.780,63
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	14.892.364,97	299.937,05	299.937,05	14.892.364,97

INGRESOS				
2022	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	6.029.475,79			6.029.475,79
CAPITULO II	140.000,00			140.000,00
CAPITULO III	2.195.740,32			2.195.740,32
CAPITULO IV	6.471.931,05	299.937,05	299.937,05	6.471.931,05
CAPITULO V	49.217,81			49.217,81
TOTAL	14.886.364,97	299.937,05	299.937,05	14.886.364,97
CAPITULO VI	0,00			0,00
CAPITULO VII	0,00			0,00
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	6.000,00	0,00	0,00	6.000,00
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	14.892.364,97	299.937,05	299.937,05	14.892.364,97

PLANTILLA DE PERSOAL 2022:

CONCELLO

FUNCIONARIOS DE CARREIRA						
Denominación Praza	Nª Praza/s	Grupo	Subescala	Categoría	Situación	C. Específico
1.- Funcionarios de Habilitación Nacional						
Secretario/a	1	A1	Secretaría	1ª	Vacante	31.110,00 €
Tesoureiro/a	1	A1	Int- Tes.	1ª	Propiedade	30.788,39 €
Interventor/a	1	A1	Int- Tes.	1ª	Vacante	31.110,00 €
2.-Administración Xeral.						
Técnico/a	3	A1	Admón. Xeral	Técnica	Propiedade	13.848,60 €
Técnico/a	1	A2	Admón. Xeral	Técnica	Propiedade	12.809,59 €
Administrativo/a	2	C1	Admón. Xeral	Admtva.	Propiedade	10.859,23 €
Auxiliar	13	C1	Admón. Xeral	Auxiliar	Propiedade	9.189,32 €
Auxiliar	2	C2	Admón. Xeral	Auxiliar	Vacante	9.189,32 €
3.- Administración Especial						
Bibliotecaria/a	1	A1	Admón. Esp.	Técnica	Propiedade	16.963,21 €

Arquitecto	1	A1	Admón. Esp.	Arquitecto	vacante	13.848,60 €
Técnico/a	1	A2	Admón. Esp.	Enx. Industrial	Vacante	15.062,40 €
Técnico/a	1	A2	Admón. Esp.	Técnico Informática	Vacante	12.809,59 €
Inspector/a de Policía L.	1	A2	Admón. Esp.	Inspector	Vacante	27.792,45 €
Oficial Policía	2	C1	Admón. Esp.	Oficial	Vacantes	19.137,06 €
Policía Local	16	C1	Admón. Esp.	Axente	Propiedade	14.796,79 €
Xefe/a de Equipo C.Espec.	1	C2	Admón. Esp.	Xefe de Equipo	Propiedade	25.992,03 €
Axente C. Esp.	6	C2	Admón. Esp.	Axente CE	Propiedade	15.599,76 €
Oficial	1	C2	Admón. Esp.	Oficial	Propiedade	7.718,34 €
Operario/a	1	E	Admón. Esp.	Operario	Propiedade	8.485,32 €

PERSOAL LABORAL FIXO			
Denominación Praza	Nº	Grupo	Situación
Técnico/a de Grao Superior Servizos Sociais	1	A1	Vacante
Asesor/a. Xurídico/a - Coordinador/a CIM	1	A1	Fixo
Técnico/a de Promoción Económica	1	A2	Vacante
Traballador/a Social - Coordinador	1	A2	Vacante
Traballador/a Social	2	A2	Fixo
Traballador/a Social	1	A2	Vacante
Técnico/a C.I.M.	1	A2	Fixo
Profesor/a Conservatorio Clarinete	1	A2	Fixo
Profesor/a Conservatorio Piano	4	A2	Fixo
Profesor/a Conservatorio Violín	1	A2	Vacante
Profesor/a Conservatorio Viento- Trombón	1	A2	Vacante
Profesor/a Conservatorio Guitarra	1	A2	Fixo
Profesor/a Conservatorio Saxo	1	A2	Vacante
Profesor/a Conservatorio Percusión	1	A2	Vacante
Técnico/a de Medio Ambiente	1	A2	Fixo
Animador/a Cultural	1	C1	Fixo
Profesor/a de Danza Escolas de Música	1	C2	Fixo
Capataz Urbanismo (Obras)	1	C2	Fixo
Capataz Servizos	2	C2	Fixo
Oficial de Urbanismo (Obras)	3	C2	Fixo
Oficial de Urbanismo (Cemiterio)	1	C2	Fixo
Oficial de servizos (Cultura)	1	C2	Fixo
Aux. Administrativo O.M.I.C.X.	1	C2	Fixo
Op. De Activ. E servizos culturais	1	E	Fixo
Peón de Urbanismo	1	E	Fixo

Peón de Urbanismo	1	E	Vacante
Peón de Parques e xardíns	3	E	Fixo
Peón de Parques e xardíns	2	E	Vacante
Peón de cemiterio	1	E	Fixo
Aux. de Electricista	1	E	Vacante
Limpadora-Conserxe	1	E	Fixo
Subalterno/a	1	E	Vacante

PERSOAL LABORAL TEMPORAL	
Denominación Praza	Nº
Técnico/a de Grao Superior Serv. Sociais	1
Técnico/a Deportes	1
Psicóloga CIM	1
Profesor/a Conservatorio Viento- Trombón	1
Profesor/a Conservatorio Violín	1
Profesor/a Conservatorio Saxo	1
Profesor/a Conservatorio Percusión	1
Educador/a de Familia	1
Capataz GRUMIR	3
Profesor/a Escolas de Música	2

PERSOAL LABORAL EVENTUAL DE CONFIANZA	
Denominación da Praza	Nº
Asesor/a Gabinete	1

ADICACIÓNS EXCLUSIVAS		
	ADICACIÓN	BRUTO (14 PAGAS)
NIVEL 1	EXCLUSIVA	63.329,83 €
NIVEL 2	EXCLUSIVA	48.842,83 €
NIVEL 2	EXCLUSIVA	48.842,83 €

I.M. DE DROGODEPENDENCIA

PERSOAL LABORAL TEMPORAL	
Denominación da Praza	Nº
Directora Psiquitra	1
Psicólogo/a	1
Educador/a Social	1
Traballador/a Social	1
Enfermeira/o	1
Auxiliar Adminstrativo	1
Monitor de tempo Libre	1

Monforte de Lemos, 28 de decembro de 2021.-O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 3701

Anuncio

O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 27 de decembro do 2021 prestou aprobación definitiva á Ordenanza Reguladora do Servizo de Taxis, sendo o texto o que se transcribe a continuación:

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXIS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

TITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1.- OBXECTO.

O obxecto da presente Ordenanza é a regulación e ordenación do servizo de taxi prestado ao amparo das licenzas de taxi do Concello de Monforte de Lemos, dentro do termo municipal de Monforte de Lemos.

Para tal fin, seguirase o procedemento regulado na normativa da Consellería competente en materia de transportes, da Xunta de Galicia, realizando os trámites que sexan pertinentes.

ARTIGO 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN, COMPETENCIA MUNICIPAL.

O ámbito de aplicación da presente ordenanza será o termo municipal de Monforte de Lemos.

O Concello de Monforte de Lemos intervirá no servizo de taxis a través dos seguintes medios:

- sometemento a licenza municipal previa.
- fiscalización da prestación do servizo.
- informe sobre a solicitude de revisión de tarifas do servizo.
- disposicións complementarias para a prestación do servizo.
- calquera outra atribución establecida na normativa de aplicación na materia.

ARTIGO 3.- DEFINICIÓNS.

Aos efectos da presente ordenanza enténdese por:

- a) servizo de taxi: transporte público discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi que se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.
- b) servizos urbanos: os servizos de taxi que transcorren integramente polo termo municipal do Concello de Monforte de Lemos ou, de ser o caso, dunha área territorial de prestación conxunta establecida dacordo co previsto na normativa aplicable.
- c) servizos interurbanos: os que non estean comprendidos na definición anterior.
- d) áreas territoriais de prestación conxunta: as áreas xeográficas de carácter supramunicipal que poden ser constituídas de conformidade coa lei cando existe interacción ou influencia recíproca entre os servizos de taxi dos municipios que as integran.
- e) transporte público: aquel transporte que se desenvolva por conta allea mediante retribución económica.
- f) transporte discrecional: transporte que se efectúa sen suxeición a un itinerario, calendario ou horario preestablecido.
- g) titular: persoa que dispón dos títulos habilitantes precisos para a prestación de servizos de transporte público de persoas en vehículos de turismo.
- h) condutor ou condutora de vehículo de turismo de transporte público de persoas: persoa física que guía un vehículo de turismo dedicado á prestación dos servizos de taxi, ben por ser titular dos títulos habilitantes requiridos na normativa, ben por ser asalariado daquel, e que dispón do permiso de condución esixido na lexislación vixente e conta coa correspondente capacitación profesional establecida legalmente.

Estarase ao establecido na normativa aplicable á materia en aqueles conceptos non definidos na presente ordenanza.

ARTIGO 4.- PRINCIPIOS

O transporte de persoas en taxi axustarase aos principios de: